

A fraga tiña moitas utilidades. Unha delas, a cortiza dos carballos, que ía para as curtumes. O que recollía o froito para embarcalo era o Talladas, o trombonista gordo e larpeiro.

A operación de queima da fraga preparouse con tempo e detalle, para afogar as alimarias nos seus tobos. Escolléronse homes fieis ao sistema, pero houbo filtración (o Cercado polo medio). Os guerrilleiros recibiron fouces e prepararon gallos, que eran homes labregos moitos deles, e fixeron unha limpa coidadosa dos puntos claves. Libraron o sotobosque de felgos e malezas e dispuxeron camiños para a fuxida.

Foi un fracaso. Non se conseguiu que subisen para o cume da serra, onde estaban os tiradores preparados, e as cuadrillas de cans.

Os cercadores tíñanlles medo, polo que tampouco se arrimaron.

Ardeu a fraga pero os carballos saben aguantar o lume, non son coma os piñeiros. E os gardas non se atreveron a penetrar logo da queima. Dixeron que, se non apareceran os guerrilleiros foi porque non estaban, que se foran para outros sitios, o cal aproveitaron estes para dar golpes de despiste por outras zonas de monte duro.

